



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

### PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Expediente:** 228/2018

**Asunto:** Revisión de oficio das licencias de obras 1/2006 e 2/2006 outorgadas para a construción dunha vivenda unifamiliar.

En data 10 de xaneiro de 2006, a Xunta de Goberno Local deste Concello acordou outorgar as licencias de obras n.º 1/2006 e 2/2006 relativas á construción en dúas fases dunha vivenda unifamiliar na rúa Ribeiriña deste Concello.

A citada obra foi obxecto de múltiples denuncias veciñais e paralizacións da obra vinculadas a que a execución das mesmas non se axustaba ao planeamento urbanístico vixente naquel intre, e que desembocaron nun pleito ante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa na que, como feito probado mediante as testificais oportunas, queda probado o erro na concesión da licenza toda vez que o informe técnico do servizo urbanístico non advertiu que a edificación proxectada non cumpría co retranqueo ao lindeiro posterior mínimo.

Visto o anteriormente exposto, considerase axeitado proceder á revisión de oficio do acto mediante o cal se outorgaron os títulos xurídicos habilitantes viciados de nulidade e polo tanto proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Iniciar o procedemento de Revisión de oficio de actos nulos respecto dos acordos da Xunta de Goberno local de 10 de xaneiro de 2006 mediante os cales se concedían as licenzas urbanísticas n.º 1/2006 e 2/2006 relativas á construción en dúas fases dunha vivenda unifamiliar na rúa Ribeiriña deste Concello.

**Segundo.-** Dar traslado do expediente aos servizos municipais correspondentes aos efectos da emisión dos preceptivos informes e facultar á Alcaldía para levar a cabo todos aqueles trámites de carácter no resolutorio vinculados ao presente expediente.

O Alcalde.

Asinado dixitalmente ao marxe.

---

Concello de A Pobra do Caramiñal